

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 21 de decembro de 2020 e o 22 de febreiro de 2021, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 11 de decembro de 2020.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3279

LUGO*Anuncio*

Na Certificación expedida o día 11 de decembro de 2020 polo Secretario Xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo acredítase a elevación a definitiva da aprobación da "Ordenanza para a protección e conservación das vías públicas municipais en relación coas operacións forestais de corta, saca, depósito e transporte de madeira, Concello de Lugo", aprobada inicialmente polo Excmo. Ayuntamiento Pleno na sesión ordinaria celebrada o 30 de xaneiro de 2020.

O texto da dita ordenanza é o seguinte:

ORDENANZA PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DAS VIAS PUBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS FORESTAIS DE CORTA, SACA, DEPOSITO E TRANSPORTE DA MADEIRA. CONCELLO DE LUGO*Preámbulo*

O Concello de Lugo ten unha ampla rede de camiños e vías públicas cuxo uso esixe unha Regulación.

Considerando a importancia que ten o sector forestal extractivo de madeira a leña no territorio municipal ou a incidencia desta actividade na conservación e mantemento do viario público, cómpre compatibilizar as actividades de aproveitamento forestal coa conservación das vías e bens municipais, preservación do medio o coa protección da paisaxe.

A presente ordenanza regula a actividade extractiva de madeira non considerada de autoconsumo, establecendo o procedemento de autorización, as obrigas e prohibicións para as persoas responsables, o depósito de garantías que cubran Os posibles danos así como a tipificación das infraccións e sancións a aplicar.

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto regular a actividade forestal extractiva de corta o saca de madeira a lena dentro do municipio de Lugo co fin de conservar e protexer a infraestrutura viaria pública municipal.

Artigo 2. Funcionamento

Esta ordenanza dítase en virtude da potestade regulamentaria municipal definida nos artigos 25.2.d) o 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; os artigos 6, 80.2.d), 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 74 o seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais.

Artigo 3. Definicións.

Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase:

1. Actividade forestal extractiva de madeira: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento *dos* recursos do terreo no que *vexetan* especies *arbóreas* que non sexan propias de cultivos agrícolas, tanto sementadas, plantadas coma de nacemento venturoiro.
2. Corta e saca de madeira: conxunto de actuacións que engloban operacións previas ou preparatorias á corta (preparación do terreo, desprazamento de vehículos ou maquinaria, construción de accesos ás leiras, ramplas, etc.) como as posteriores (preparación, depósito, carga o transporte).
3. Empresa madeireira: Calquera persoa física ou xurídica que realiza os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. inclúe tamén as persoas propietarias que realicen algunhas destas angueiras nas parcelas da súa propiedade, sempre a cando non sexa para o autoconsumo de madeira e/ou lena e non teñan por destino a súa comercialización.

Artigo 4. *Ámbito de Aplicación.*

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de Lugo, sen prexuízo doutra normativa sectorial que sexa de aplicación; quedando incluída calquera actividade forestal extractiva de madeira non contemplada na seguinte relación:

- As cortas puntuais de exemplares de árbores illadas
- As podas, en xeral.
- O clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos.
- Os traballos de roza e limpeza de leiras.
- A eliminación de árbores enfermas ou que provoquen unha situación de perigo para persoas e/ou bens.
- Os aproveitamentos madeireiros e leñosos para uso doméstico que non sexan obxecto de comercialización.

Artigo 5. Solicitude de autorización de actividades de corta a saca de madeira

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en terreos con Plantacións forestais pertencentes a este Concello, será obriga presentar no rexistro das oficinas municipais unha solicitude de autorización por escrito, con 15 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio dos traballos, conforme o modelo contemplado no Anexo I desta ordenanza, e sen prexuízo da obtención dos permisos e/ou autorizacións que, de acordo coa normativa vixente, sexan necesarios.

2. A Solicitude de autorización deberá estar asinada polo madeireiro/a e nela constarán os seguintes datos:

- Datos de identificación do/a titular da empresa madeireira e da propiedade forestal.
- Persoa física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.
- Persoa xurídica: Razón soda), CIF, enderezo, teléfono, así como nome, apelidos e NIF da persoa representante da empresa.
- Datas previstas do inicio e remate dos traballos.
- Nome do titular/es das parcelas obxecto do aproveitamento.

Identificación catastral da/as leira/as ou monte/es afectado/os, lugar/es e parroquia/s.

- Lugar ou lugares previstos para Depósito da madeira á espera da súa carga.
- Camiños e vías a empregar nas operacións de saca e transporte da madeira.
- Listado *dos* vehículos e maquinaria a empregar nas operacións a desenvolver, detallando a marca, modelo, matrícula, PMA e TARA de cada un.

3. Canda a solicitude, deberá aportar a seguinte documentación:

- Fotocopia da solicitude de autorización administrativa ou declaración responsable para o aproveitamento madeireiro, presentada ante
- Órgano forestal competente, de acordo coa Lei 7/2012, de 28 do xuño, de montes do Galicia.
- Copia da transferencia bancaria ou orixinal do aval bancario en concepto de Garantía.
- Declaración de responsabilidade por parte do madeireiro/a comprometéndose a repoñer os danos e a retirar os restos de biomasa o lixo.
- Se for o caso, copia compulsada das autorizacións sectoriais precisas organismo de *conca*, patrimonio cultural, estradas, etc.).
- Plano indicativo da parcela e das vías a empregar nos traballos de saca de madeira así como das zonas elixidas para o depósito temporal desta.
- Reportaxe fotográfica do estado dos camiños ou vías públicas a usar. Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil en vigor.

4. Se con posterioridade á presentación solicitude xurdisen novos aproveitamentos de leiras non incluídas na mesma, poderanse ir incorporando a solicitude inicial, sempre e cando se empreguen as mesmas vías de saca ou os mesmos lugares de acopio.

5. No caso de incumprimento da obriga de solicitude establecida neste artigo, o Concello poderá suspender os actos de corta e saca da madeira que se estean a realizar, e proceder de conformidade co establecido nos apartados 5 e 6 do artigo 6.

6. Unha vez presentada a solicitude da autorización xunto coa documentación sinalada nos apartados 2 o 3 deste artigo, esta será revisada polo persoal do Concello.

7. Se a solicitude e documentación presentada non se axustan a esta ordenanza, o Concello requirirá a persoa interesada para que corrixa ditas deficiencias nun prazo de 10 días hábiles, dito requirimento suspenderá o prazo para resolver.

8. O Concello notificará a autorización favorable ou desfavorable, nun prazo máximo de 15 días; transcorrido este sen notificar, a autorización considerárase concedida.

9. O Concello, motivadamente, poderá limitar ou denegar a circulación de madeira por calquera das vías ou zonas públicas indicadas na solicitude de Autorización, tendo en conta circunstancias como o estado e resistencia do firme, ubicación, etc.

Artigo 6. Obrigas e prohibicións

1. As obrigas da empresa madeireira que realiza as operacións de corta o saca da madeira son as seguintes:

- a) Presentar a solicitude da autorización nos termos indicados no artigo anterior.
- b) Constituír a garantía a favor do Concello, conforme ao establecido no artigo 7.
- c) Limpar, retirar ou eliminar todos os restos forestais procedentes da corta e saca da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden no mesmo estado de limpeza ou conservación que tiñan inicialmente. Esta obriga deberá efectuarse ao finalizar a xornada de traballo.
- d) Tratar os restos forestais nas parcelas obxecto do aproveitamento para minimizar o risco de incendios, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación destes ao ciclo produtivo forestal ou ao aproveitamento da biomasa forestal (pellets, leña, etc.).
- e) Retirar todos os refugallos non vexetais para os lugares autorizados (latas, aceites, etc.).
- f) Repor ao estado anterior os accesos e ramplas abertas para facilitar a entrada as fincas ou montes.
- g) Sinalizar as zonas da realización dos traballos, tales como camiños, vías públicas, zonas de acopio, etc., conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial. Así mesmo a empresa deberá colocar no lugar de acopio da madeira un panel informativo que a identifique.
- h) Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares da tala, viais de acceso, instalacións e demais infraestruturas, corno consecuencia da realización das actividades de corta a saca da madeira.
- i) Comunicar a finalización dos traballos.

2. Son prohibicións:

- a) Iniciar os traballos de corta e saca de madeira sen contar cos permisos e/ou autorizacións sectoriais correspondentes.
- b) Usar as vías e areas públicas como lugar de depósito de madeira.
- c) Realizar movementos de terra que polas súas características requiran previa autorización.

3- A empresa madeireira será responsable de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan por mor da actividade da corta e saca de madeira, tanto polos actos como poias omisións das obrigas.

4. No casode que a responsabilidade recaia en mais dunha empresa, esta terá carácter solidario.

5. No caso de que a empresa madeireira incumpra calquera das obrigas e prohibicións contidas neste artigo, o Concello requiriráa para o seu cumprimento, outorgándolle un prazo que en ningún caso excederá de 1 mes. Dito requirimento suspenderá o prazo para resolver.

6. O disposto no apartado 5 deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións qua correspondan polos incumprimentos desta ordenanza.

Artigo 7. Garantía

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza ou garantía en metálico ou aval bancario a favor do Concello e por cada operación de corta a saca do madeira, co obxecto de responderen dos posibles danos a prexuízos causados e non reparados por mor da súa actividade, na contía qua se recolle no seguinte recadro:

CONCEPTO	GARANTIA
Por tonelada de madeira extraída	0,50 € / t
Vías públicas con firme de terra, zahorra ou semellante	500 €/km, ou fracción
Vías públicas con firme de formigón, asfalto, aglomerado ou semellante	1000 €/km, ou fracción

Existencia de pontes, pontellas e elementos da infraestrutura viaria semellantes.	800€/Unidade
A contía da garantía poderá ser actualizada anualmente en función do IPO.	

2. A garantía deberá depositarse na Tesourería municipal do Concello de Lugo en calquera das formas establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o que deberá ser acreditado na solicitude de autorización.

3. As empresas madeireiras que vaian realizar aproveitamentos en parcelas contiguas non incluídas na solicitude, deberán presentar a *garantía* correspondente aos novos aproveitamentos, logo de proceder segundo o apartado 4 do artigo 5.

4. No caso de empresas que, dentro do territorio municipal, vaian realizar numerosas cortes ao longo do ano, poderán depositar unha única fianza anual por valor de 10 000€, contía que tamén poderá ser actualizada en función do IPC.

5. O incumprimento de depositar a garantía pode dar lugar a que o Concello suspenda os traballos de corta e saca que se estean realizando e proceda de acordo cos apartados 5º e 6º do artigo 6.

6. Unha vez rematados os traballos de corta e saca de madeira, a empresa madeireira poderá solicitar a devolución da garantía.

7. A devolución da garantía efectuarase nun prazo de 1 mes, previo informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, que comprobarán o estado de conservación e limpeza das vías e espazos de dominio público local.

8. No caso de informe desfavorable polo incumprimento das obrigas e prohibicións, o Concello procederá de conformidade co establecido nos apartados 3º e 4º do artigo 6 desta ordenanza.

9. Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, se este foi atendido, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos servizos técnicos Municipais. De non darse cumprimento ao requirimento, o Concello acordará a execución subsidiaria e procederá a realización dos traballos que sexan necesarios a costa da persoa obrigada e sobre o importe da garantía depositada.

10. Cando a cantidade depositada en concepto de garantía resulte insuficiente para sufragar os traballos mencionados no paragrafo anterior, o Concello elaborará un informe técnico sobre a valoración dos danos e requirirá á persoa responsable para que aboe a diferenza. No caso de non ser atendido este requirimento, o Concello exercerá as accións legais e fiscais oportunas.

Artigo 8. *Infraccións.*

1. Constitúen infraccións da presente ordenanza as accións e/ou omisións tipificadas nos apartados seguintes como moi graves, graves e leves, de conformidade co disposto nos apartados seguintes deste artigo.

2. Son Infraccións moi graves:

- a) Realizar calquera das actividades relacionadas coa corta e saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.
- b) Non presentar a solicitude de autorización e documentación necesaria referida no artigo 5 desta ordenanza, unha vez requirida polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.
- c) Non realizar Os traballos necesarios para que as pistas, camiños e espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha voz rematados os traballos, se foso requirido polo Concello o dentro do prazo establecido no citado requirimento.
- d) Ocultar ou falsear calquera dos *datos* aos que se refire o artigo 5.2 a 5.3 desta ordenanza.
- e) Ocultar ou falsear a documentación relacionada no artigo 5.3 desta ordenanza.
- f) Realizar os traballos de corta e saca de madeira usando infraestruturas, pistas, camiños o espazos públicos municipais para os que non se outorgou permiso de utilización.
- g) Deixar as vías públicas municipais nun estado que supoña unha situación de risco grave para a seguridade sial, segundo o informe municipal que se emita ao respecto.

3. Son infraccións graves:

- a) Non presentar a solicitude de autorización (presentala despois de ser requirida polo Concello non exime da infracción).
- b) Deixar as vías municipais en deficiente estado e que non supoña infracción moi grave, segundo o informe municipal que se omite.

c) Non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se construíron ou abriron para entrar nas parcelas.

4. Constitúe infracción leve calquera incumprimento dos requisitos, obrigas o/ou prohibicións establecidas nesta ordenanza, o que non estea cualificada como moi grave ou grave.

5. Na valoración da gravidade das infraccións terase en conta a existencia da intencionalidade, natureza dos prexuízos causados, reiteración dos feitos, capacidade económica do infractor e da intensidade dos danos causados nas vías públicas e/ou aos usuarios das mesmas.

Artigo 9. Responsables.

1. Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de empresa madeireira.

Artigo 10. Procedemento sancionador.

A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto nas Leis 40/2015, do 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector público, o 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 11. Sancións.

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros.
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 euros e 1.000,00 euros
- Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 1.000,01 euros e 3.000,00 euros.

2. O importe das sancións deberase adecuar á gravidade da infracción.

3. A imposición das sancións que procedan non eximirá aos responsables de realizar os traballos de limpeza pertinentes, reparacións dos danos e indemnizacións polos prexuízos a perdas causadas.

Artigo 12. Órganos competentes.

1. Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador a persoa titular da Alcaldía ou titular da concellería en quen delegue.

2. A función instrutora recaerá na autoridade ou funcionario que designe o órgano competente para a incoación de procedemento, sen que poida recaer en quen teña competencia para resolver o mesmo.

3. Será órgano competente para resolver o procedemento sancionador a persoa titular da alcaldía, ou no seu caso, a Xunta de Goberno Local.

Artigo 13. Prescrición das infraccións e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos 3 anos, as graves aos 2 anos e as leves aos 6 meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos 3 anos, as impostas por faltas graves son 2 anos a as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que fora imposta a sanción.

DISPOSICION DERRADEIRA.

Primeira. A persoa titular da alcaldía queda facultada para ditar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Segunda. En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor cando se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles provisto no artigo 65.2 do citado texto legal.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE AUTORIZACION DE ACTIVIDADES DE CORTA E SACA DE MADEIRA.

ANEXO II: MODELO DE CALCULO DA GARANTIA

LUGO, 16 de decembro de 2020.- A ALCALDESA. PD. O TENENTE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE MEDIO RURAL E DEPORTES. Miguel Fernández Méndez.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADE DE CORTA E SACA DE MADEIRA

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

2. DATOS DA PERSOA TITULAR DO PREDIO

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:	
ENDEREZO:	ONCELLO:

3. LOCALIZACIÓN DO PRECIO/MONTE AFECTADO

LUGAR/PARROQUIA:	Nº REFERENCIA CATASTRAL:

4. DATOS DO APROVEITAMENTO

CAMIÑOS A EMPREGAR PARA A SACA E TRANSPORTE DA MADEIRA:
LUGAR DE ACOPIO/DEPÓSITO:
DATA PREVISTA DO INICIO DOS TRABALLOS DE CORTA E SACA:
DATA PREVISTA DO INICIO DOS TRABALLOS DE CORTA E SACA:
DECLARACION RESPONSABLE Como responsable do depósito, saca e transporte de madeira descrito nesta solicitude, comprométome á reposición dos danos causados nos bens do titularidade municipal e a retirada da biomasa sobrance que accidentalmente quedo <i>depositada</i> nas vías a usar, así <i>como</i> do todo o <i>lixos</i> que puidera permanecer na zona de extracción.

5. DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (marque cun "x" a documentación que se anexa)

- Copia da solicitude de autorización administrativa ou declaración responsable para o aproveitamento madeireiro, presentada *ante o* órgano forestal competente, do acordo coa Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes do Galicia.
- Cando sexa o caso, copia das autorizacións sectoriais precisas (organismo de conca, patrimonio cultural, estradas, etc.)
- Plano catastral indicativo da/s parcelas obxecto do aproveitamento e dos viais a empregar así coma do sentido do circulación nos traballos de saca do madeira e das zonas elixidas para o depósito temporal desta
- Copia de transferencia bancaria en concepto de *fianza* en metálico ou orixinal de aval bancario en concepto de garantía.
- Copia da póliza *do* seguro de responsabilidade civil en vigor

Outros

En _____, a _____ do _____ de 20____

A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

Asdo.:

ANEXO II

CÁLCULO DA GARANTÍA

CANTIDADE DE TONELADAS A EXTRAER	GARANTÍA (0,50 €/t)	IMPORTE:

TIPO DE VÍA PÚBLICA	GARANTÍA (500 €/km ou fracción)	IMPORTE:
km de vía pública con firme de terra, zahorra ou semellante.		

TIPO DE VÍA PÚBLICA	GARANTÍA (1000 €/km ou fracción)	IMPORTE:
km de vía pública con firme de formigón, asfalto, aglomerado ou semellante.		

EXISTENCIA DE PONTES, PONTELLAS e elementos da infraestrutura viaria semellantes.	800 €/unidade	IMPORTE:
km de vía pública con firme de terra, zahorra ou semellante.		

TOTAL GARANTÍA:

Formas do depósito da Garantía, segundo Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

<p>Garantía en metálico do Concello con nº de conta:</p> <p>Aval bancario</p> <p>Outras (especificar):</p>
--

OBSERVACIÓNS: